

**CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)**

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

### CONVOCATORIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 15 de xuño de 2020, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 16 de xuño de 2020.


Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

*«3. En todo caso, cando concorran 1situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das 1sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen 1válidamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de 1acordo coa normativa vixente, 1constituirse, celebrar 1sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».*

Visto o Decreto 90/2020, do 13 de xuño, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

Resultando que a superación da fase III, se ben implica que queden sen efecto as medidas extraordinarias derivadas do estado de alarma adoptadas polo Goberno do Estado e polas súas autoridades competentes delegadas, non implica a fin da crise sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma nin o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galega .

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 16 de xuño de 2020 ás 18:30 horas, en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo ca estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:



**CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)**

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

**ORDE DO DÍA**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 02.06.2020
2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000014
3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000015
4. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2020/U022/000007
5. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2020/U022/000009
6. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2019/U007/000003
7. APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2020-28
8. RECURSO RECIBO VAO- INFORME Nº 03.2019
9. RECURSO RECIBO LIXO- INFORME Nº 58.2019
10. SOLICITUDE REVISIÓN RECIBOS LIXO- INFORME Nº 59.2019
11. APROBACIÓN SUBVENCIONS COMISIONS FESTAS CEDEIRA ANO 2019
12. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE REMODELACIÓN DA ÁREA EXPOSITIVA DO CASTELO DA CONCEPCIÓN
13. DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREV IAS DE OBRA TRAMITADAS
14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 289/2020 DE DATA 10.06.2020- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO ASINADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A REALIZACIÓN DE TEST DE DETECCIÓN DO COVID-19 AOS AXENTES DA POLICÍA LOCAL
15. ASUNTOS VARIOS

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

O Alcalde  
Pablo Diego Moreda Gil